



CONCELLO DE OURENSE
SECRETARIA XERAL DO PLENO

O Concello Pleno en sesión extraordinaria urxente do día 12 de decembro do ano 2017 adoptou, entre outros, o seguinte ACORDO:

2.- Expediente de modificación de créditos, modalidade créditos extraordinarios, 4P/2017. Resolución de reclamacións e aprobación definitiva.

O secretario dá conta da proposta da concelleira de Facenda, de 11 de decembro de 2017, que sometida a votación por dezaioito votos a favor do Grupo Municipal do Partido Popular e de Democracia Ourensana, e oito abstencións do Grupo Municipal Socialista e de Ourense en Común, adoptou o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Desestimar as alegacións presentadas por D. Bautista Rodríguez García e D. Xoán Carlos Bouso Carballeira, delegados de persoal no Concello de Ourense en representación do sindicato policial S.P.P.M.E., á modificación orzamentaria 4P/2017, por mor de non se acreditar defecto algún que puidera ser determinante da súa anulabilidade, segundo a normativa reguladora das facendas locais e demais lexislación aplicable na materia.

Segundo.- Aprobar definitivamente o proxecto de modificación orzamentaria 4-P/2017, utilizando a figura dos créditos extraordinarios, de acordo co seguinte contido:

Créditos que se dotan por débedas incluídas na conta 413

Créditos extraordinarios

Créditos extraordinarios que se dotan:

<u>Código</u>	<u>Descrición</u>	<u>Importe</u>
<u>Financiamento</u>		
N130.1533.75000 / Conv. Xunta Galicia urbanización acceso CHUO /	410.731,48€ / Rte Tes (sup. orz)	
N150.2311.76700 / Subv. a consorcio galego igualdade e benestar /	91.898,50€ / Rte Tes (sup.orz)	

Total créd. extraordinarios por débedas incluídas na conta 413 **502.629,98 €**

Financiamento dos créditos extraordinarios:

Modificación do Estado de Ingresos

<u>Código</u>	<u>Descrición</u>	<u>Importe</u>
87000 Rmte. de Tesourería para Gtos. Xerais (sup. orz.)		502.629,98


Total financiamento créditos extraordinarios 502.629,98 €

Total Modificación Orzamentaria 502.629,98 €

Para unir ao expediente da súa razón, expídese o presente coa advertencia e salvedade á que se refire o artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades Locais de 28 de novembro de 1986, isto é, a reserva dos termos da aprobación da acta definitiva.

Ourense, 12 de decembro de 2017
O SECRETARIO XERAL DO PLENO,



Asdo:  Luís María Bermúdez de la Puente Villalba